



PROGRAMACIÓN 2º CICLO EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2021-2022

C.E.I.P. FELICIANO BARRERA

*Titora 4º El e Coordinación El: Jessica González Fernández.
Titora 5º 6º El: Leticia Gómez Gómez*

ÍNDICE

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
2.1. INTRODUCCIÓN:	4
2.2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
2.2.1. O CENTRO:.....	4
2.2.2. O ALUMNADO.....	5
2.2.3. AS FAMILIAS.....	6
2.2.4. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.....	7
2.2.5. O ALUMNADO DE ED.INFANTIL.....	7
3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	8
3.1. VINCULACIÓN ENTRE COMPETENCIAS E OBXECTIVOS.....	9
3.1.1.OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	9
3.1.2 OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA: (relación coas Competencias Clave).....	10
4.-PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS DE COÑECEMENTO.....	12
4.1. ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL. COMPETENCIAS,OBXECTIVOS E CONTIDOS.	14
4.1.1. NIVEL: 4º EI.....	14
4.1.2. NIVEL: 5º EI.....	15
4.1.3. NIVEL: 6º EI.....	16
4.2. ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO. COMPETENCIAS, OBXECTIVOS E CONTIDOS.....	18
4.2.1. MEDIO FÍSICO: Elementos, relacións e medidas.	18
4.2.2. MEDIO FÍSICO: Achegamento á natureza.	21
4.2.3. MEDIO FÍSICO: Cultura e vida en sociedade.....	25
4.3. ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN. COMPETENCIAS, OBXECTIVOS E CONTIDOS.....	27
4.3.1. ÁREA DE LINGUAXES: Linguaxe verbal.	28
4.3.2. ÁREA DE LINGUAXES: Linguaxe audiovisual.	31
4.3.3. ÁREA DE LINGUAXES: Linguaxe artística.	32
4.3.4. ÁREA DE LINGUAXES: Linguaxe corporal.	35
5. METODOLOXÍA.....	37
5.1. AS COMPETENCIAS BÁSICAS E A SÚA REPERCUSIÓN NA METODOLOXÍA	37
5.2.ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.	38

5.2.1. Espazos.....	38
5.2.2. Tempos.....	39
5.2.3. Recursos.	39
6. RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA.	40
7. EDUCACIÓN EN VALORES.....	40
8. ENFOQUE DA LECTOESCRITURA E DA LÓXICA-MATEMÁTICA.....	42
8.1. LECTOESCRITURA E PROXECTO LECTOR	42
8.2. HABILIDADES LÓXICO-MATEMÁTICAS.....	42
9. AVALIACIÓN	43
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	45
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	47
12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA	48
13. MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.	48
13.1. ACTUACIÓN S INICIAIS DE PREPARACIÓN PARA UN POSIBLE PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.	48
13.2. PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.	49
14. OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS EN CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL EN EDUCACIÓN INFANTIL.....	50
14.1. OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS PARA 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL	50
14.1.1. ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	50
14.1.2. ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO.....	50
14.1.3. ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.....	51
14.2. OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS PARA 5º E 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.....	52
14.2.1. ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMOE AUTONOMÍA PERSOAL	52
14.2.2. ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO.....	53
14.2.3. ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.....	54
15. PLAN DE RECUPERACIÓN.....	56

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

2.1. INTRODUCCIÓN:

Esta programación fai referencia ó establecido na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (L.O.E.) e no D.330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo para a educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta é a programación de ciclo do segundo ciclo da EI e vai ser desenvolvida no CEIP Feliciano Barrera. Traballaremos cun grupo de nenas e nenos de idades comprendidas entre 3 e 6 anos con características heteroxéneas.

As titoras de EI imos desenvolver a nosa programación da aula a partir do establecido na de ciclo, organizando o traballo a través de centros de interese globalizados e de proxectos de traballo que xurdan ao longo do curso a partires dos intereses e motivacións infantís.

2.2. CONTEXTUALIZACIÓN.

2.2.1. O CENTRO:

O centro atópase nun val, no núcleo rural de O Casal, lugar da Parroquia de San Xulián de Guláns, pertencente ao Concello de Ponteareas (Pontevedra), a unha distancia de 5 Km da cabeza do municipio e a uns 26 km de Vigo. Dita parroquia conta con uns 718 habitantes (datos 2018), distribuídos en 23 entidades de poboación, nas que a maioría das vivendas son de tipo unifamiliar agrupadas en barrios dispersos.

Polo que respecta ao nivel socioeconómico da poboación de Guláns, pódese considerar de clase media- baixa. A presenza do sector secundario é practicamente inexistente e a maioría dos habitantes traballan no sector primario e terciario, sendo os homes os que fundamentalmente realizan traballos remunerados, mentres que a maioría das mulleres dedícanse ás labores do fogar e ao cultivo dos campos para autoconsumo e, aínda que en menor medida que anos atrás, parte desta produción vai destinada a unha posterior venta no mercado de Ponteareas. Caben destacar no sector primario a existencia das “Canteiras de Couso” e o cultivo de pementos, potenciado coa concesión da denominación de orixe “Pemento de Guláns”.

En canto á situación sociocultural, a parroquia de Guláns conta con diversas instalacións e actividades culturais, entre as que se atopan:

- A Avisoureira: unha casa cultural que conta cunha cafetería, un gran salón de actos, unha pequena biblioteca, tres ordenadores con acceso a internet, zona de recreo con pistas deportivas, parque infantil, ... Pola proximidade do noso centro e pola calidade das instalacións e o recinto, é habitual que realicemos algunhas actividades do centro nesta casa cultural.
- Banda de Música Unión de Guláns: unha das bandas máis antigas e con maior historia de todo Galicia.
- Escola de música da Banda de Música Unión de Guláns: está autorizada pola Consellería de Educación e asisten moitos dos alumnos/-as do centro.
- Asociación Cultural de Guláns: organiza varias actividades culturais, lúdicas e de formación (bailes de salón, ioga, pilates, actuacións, espectáculos, festas, ...)
- Comunidade de Montes San Cibrán: realiza unha labor de xestión e conservación do medio natural e subvenciona actividades e obras para toda a parroquia.
- Rancho de Reis de Guláns: un grupo que mantén vivo unhas danzas ancestrais típicas da zona sur de Pontevedra que só se bailan nas datas próximas ao Nadal. Varios alumnos/-as do centro pertencen a este grupo.
- Ao longo do ano hai outras asociacións que realizan actividades diversas nas que tamén adoita participar o alumnado do centro (comisións de festas, grupo dos rastrexos, asociación do pemento de Guláns, grupo de catequese, ...)

A vila de Pontearreas atópase a uns 9 km do centro. Alí as familias teñen acceso a biblioteca, museo, actividades culturais, ... O principal problema é que non se dispón dunha rede de transporte público adecuada, polo que moitas familias non teñen un fácil acceso á vila. Este problema existe tamén coa conexión con Vigo, que ten unha maior oferta cultural e está a uns 25 km, pero non tódalas familias dispoñen de coche propio para poder desprazarse ata alí.

2.2.2. O ALUMNADO

Neste curso contamos con 108 alumnos/as en todo o centro, procedentes principalmente de Guláns, Cristiñade e Ganade (Parroquia de Areas). En xeral, o alumnado pertence a familias dun nivel socioeconómico e cultural medio-baixo.

En xeral é un alumnado non conflitivo ou, cun ambiente familiar que se atopa dentro do considerado como normal sen problemáticas graves de risco de exclusión social, alcoholismo,

drogodependencia, abandono familiar, ... Existe algún caso concreto que xa conta co apoio dos servizos sociais do Concello.

No centro non hai alumnado doutras nacionalidades. Hai algúns pais e nais procedentes doutros países (Portugal e Brasil) e algúns nenos/-as que, aínda que foron adoptados por familias do lugar, proceden tamén doutros países.

O alumnado, en xeral, non presenta grandes desfases entre o seu nivel de coñecemento e a súa idade. Aínda así, aproximadamente un 30% do alumnado está considerado como alumnado con necesidades educativas e precisa dunha especial atención en distintos ámbitos da aprendizaxe. En canto á EI contamos con 30 alumnos/as dos cales 12 pertencen a 4º de EI, 9 de 5º e 9 de 6º. Son cativos e cativas alegres, motivados pola aprendizaxe, activos, cariñosos e sempre dispostos a axudar e a manter un clima amigable e de convivencia.

2.2.3. AS FAMILIAS.

As familias están organizadas en torno á ANPA. A ANPA funciona ben e adoita coordinarse de forma moi correcta co centro e coas familias. Tamén adoitan ter propostas interesantes para o alumnado e para o centro. Todo isto redunda en beneficio da boa relación existente entre tódolos membros da comunidade educativa.

As familias adoitan estar sempre dispostas a colaborar co centro en todo o que se lles pide. En xeral, salvo raras excepcións, preocúpanse pola educación dos seus fillos e fillas, asistindo de maneira periódica ás reunións cos titores, así como ás reunións xerais e ás distintas actividades organizadas polo centro. Ademais sempre colaboran nas actividades que propoñen os distintos equipos de dinamización e os titores e titoras.

Dende o centro mantense coas familias unha comunicación continua e eficaz a través de distintos medios (circulares, teléfono, reunións, ...)

No que respecta a aquelas familias cunha situación problemática ou delicada, mantense un contacto frecuente cos servizos sociais do Concello de Pontearreas.

2.2.4. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.

Polo que respecta ao alumnado, a pesar de pertencer a un medio rural, a maioría fala castelán. Cada ano vaise perdendo un número maior de galego falantes.

2.2.5. O ALUMNADO DE ED.INFANTIL.

Neste curso, no segundo ciclo de educación infantil, contamos con 30 nenos/as. Na aula de 3 anos, 5 nenas e 7 nenos, e na aula de 4 e 5 anos, 8 nenas e 10 nenos.

Acordo con Piaget, estes nenos atópanse no período preoperacional que abrangue dos 2 aos 7 anos, concretamente dentro do subperíodo intuitivo, onde se deixan levar por percepcións que non son lóxicas, son irreversibles e ríxidas. A súa atención céntrase nos estados e non nas transformacións.

A forma de razoamento do neno/a caracterízase polo sincretismo, a xustaposición, o animismo, artificialismo e finalismo. Piaget explica que a estrutura común que nestes cativos se atopa é o seu carácter egocéntrico, a súa tendencia ó estático e a súa incapacidade para considerar simultaneamente diversos aspectos dunha mesma situación. A estas características do pensamento adaptaremos o proceso de ensino-aprendizaxe dos pequenos e pequenas.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Enténdese por **competencias** as capacidades para aplicar de forma integrada os **contidos** propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais.

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos/as a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Enténdese por obxectivos os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

Coa LOE, as competencias veñen indicadas para o ensino obrigatorio, aínda que se comezarán a

traballar dende a etapa de E.I para que a súa adquisición sexa progresiva e coherente e ó mesmo tempo favorecer a continuidade entre a E. Infantil e a E. Primaria.

Estas competencias, orientarán e impregnarán o currículo de E.I., téndose como referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamento das áreas.

3.1. VINCULACIÓN ENTRE COMPETENCIAS E OBXECTIVOS.

3.1.1.OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

Teremos en conta o Decreto 330/2009 do 4 de Xuño e os obxectivos de etapa que nel se plasman, mais non son directamente avaliábeis nin observábeis. Establecen as capacidades que se espera que adquiran os nenos e nenas ao finalizar a etapa. (cognitivas, motrices, afectivas, de relación interpersoal e de inserción social). Constitúen o 1º N.C.C e son os seguintes:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico- matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das TICs.

3.1.2 OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA: (relación coas Competencias Clave)

Son concretados e adaptados dende o currículo de EI (Decreto 330/09 do 4 Xuño) a través do PE (2º NCC) dentro da súa parte curricular ata a nosa programación (3º NCC)

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL O corpo e a propia imaxe, xogo e movemento, actividade cotiá, o coidado persoal e a saúde.	COMPETENCIAS							
	1	2	3	4	5	6	7	8
Avanzar na construción dunha imaxe real e positiva de si mesmo, identificando as súas características e calidades persoais.	x				x		x	x
Cofiecer e representar o seu propio corpo, identificando as súas partes e funcións, e descubrindo as posibilidades de acción e de expresión.	x				x		x	x
Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias e ser capaz de expresalos e comunicalos.	x				x		x	x
Realizar de maneira cada vez máis autónoma, actividades e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá.					x		x	x
Respectar as características dos demais sen discriminar por razóns de sexo ou outra característica.					x		x	x
Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas coa seguridade, hixiene e o fortalecemento da saúde.					x		x	x
COÑECEMENTO DO CONTORNO Medio Físico: elementos, relacións e medida; achegamento á natureza; cultura e vida en sociedade	COMPETENCIAS							
	1	2	3	4	5	6	7	8
Descubrir e comprender o contorno físico e social onde se desenvolve.			x		x		x	x
Cofiecer normas e modos de comportamento dos grupos sociais.					x		x	x
Orientarse e actuar autonomamente nos espazos cotiáns.					x		x	x
Valorar a importancia do medio natural e da súa calidade para a vida.			x		x		x	x
Observar modificacións do contorno, pola influencia do tempo, estacións ...			X				x	x
Participar nos diversos grupos nos que se relaciona tomando progresivamente en consideración aos outros.					x		x	x
Cofiecer, participar e valorar festas, tradicións e costumes de Galicia.	x		x		x	x	x	x
Utilizar a representación matemática para describir obxectos, as súas características e propiedades, situacións, resolver problemas,...		x	x				x	x
	COMPETENCIAS							

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN Linguaxe verbal; Linguaxe artística: plástica, musical e corporal; linguaxe audiovisual.	1	2	3	4	5	6	7	8
Comunicar desexos, emocións e informacións de maneira oral e escrita.	x				x		x	x
Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.	x					x	x	x
Valorar a tradición cultural galega, comprendendo, reproducindo e recreando algúns dos seus textos.	x				x	x	x	
Progresar no coñecemento e manexo de materiais audiovisuais e das TIC.	x			x			x	x
Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e pracer.	x					x	x	x
Descubrir e empregar diversas técnicas plásticas e achegarse ao coñecemento de creacións musicais.	x					x	x	x
Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula.	x						x	x

4.-PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS DE COÑECEMENTO

Enténdese por **contidos** os instrumentos ou medios para alcanzar as capacidades expresadas nos obxectivos. En cada área curricular os contidos estrutúranse á súa vez en “bloques de contidos” os cales teñen un enfoque globalizador e non se deben confundir coa temporalización, senón que se trata dunha división didáctica seguindo o currículo.

COÑECEMENTO E AUTONOMÍA PERSOAL O corpo e a propia imaxe; xogo e movemento; actividade cotiá; coidado persoal e a saúde	COMPETENCIAS							
	1	2	3	4	5	6	7	8
Identificación (global e segmentaria do corpo), interacción e limitacións.							x	x
As necesidades básicas do corpo: identificación, manifestación, control...							x	x
Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións e vivencias	x				x		x	x
Utilización dos sentidos para discriminar : cor, sabor, son... nos obxectos.	x						x	x
Valoración positiva de si mesmo aceptando as súas propias posibilidades							x	x
Comprensión e aceptación das regras do xogo, e valoración como medio de disfrute e de relación cos demais.	x				x		x	x
Posturas e movementos do corpo. Progresivo control do ton, equilibrio ...							x	x
Control de habilidades motrices finas: dobrar, atar, abotoar, desabotoar...							x	x
Iniciativa e progresiva autonomía nas actividades diarias.					x		x	x
Valoración e aceptación de normas establecidas en diferentes contextos.					x		x	x
Hábitos elementais de organización, constancia, atención, esforzo ...					x		x	x
Recoñecemento de necesidades do corpo: hixiene, alimentación, descanso...					x		x	x
Goce do resultado dun aspecto persoal limpo e aseado.							x	x
Colaboración e mantemento de ambiente limpos e ordenados.			x		x		x	x
COÑECEMENTO DO CONTORNO Medio Físico: elementos, relacións e medida; achegamento á natureza; cultura e vida en sociedade	COMPETENCIAS							
	1	2	3	4	5	6	7	8
Exploración das nocións básicas de medida: grande/pequeno, longo/curto, alto/baixo, ancho/estreito...		x	x				x	x
Exploración dos obxectos identificando as súas calidades e relacións.	x	x	x		x		x	x
Utilización da serie numérica: primeiros números: grafía e trazo		x	x				x	x

Utilización dos cuantificadores básicos: moito/pouco, tantos como/igual que, máis que/menos que,...		x	x				x	x
Utilización de nocións espaciais: diante/detrás, dentro/fóra, cerca/ lonxe... e nocións temporais: antes-/despois, día/ noite,...		x	x		x		x	x
Identificación de formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo...	x	x	x				x	x
Goce coa actividade matemática: seriación, comparación, clasificación,...		x	x				x	x
Identificación e valoración dos seres vivos e materia inerte como o sol, animais, plantas, rochas, ríos,...	x		x				x	x
Observación de fenómenos do medio natural: chuvia, vento, día,...			x				x	x
Curiosidade, respecto e coidado cara o medio natural (animais e plantas).			x				x	x
Identificación e valoración da familia e a escola como 1º grupos sociais.	x		x		x		x	x
Observación de necesidades, ocupacións e servizos na vida comunitaria.			x		x	x	x	x
LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN Linguaxe verbal; Linguaxe artística: plástica ,musical e corporal; linguaxe audiovisual	COMPETENCIAS							
	1	2	3	4	5	6	7	8
Utilización e Valoración da linguaxe oral e escrita como medio de información, comunicación e diversión.	x				x		x	x
Participación en interaccións orais en lingua estranxeira, rutinas, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.	x				x		x	x
Memorización e reprodución oral dalgúns textos, como poesías, adiviñas,.. e comprensión de contos, relatos, rimas,...	x				x	x	x	x
Realización de trazos relacionados coa grafomotricidade: vertical, horizontal, circular, oblicuos, bucles...	x						x	x
Produción e interpretación de códigos de simbolización gráfica: letras, pictogramas,...	x						x	x
Utilización da biblioteca con respecto e coidado, e valoración como recurso informativo de diversión.	x				x	x	x	x
Achegamento ao uso e manexo do ordenador, cámara fotográfica				x			x	x
Elaboración de producións artísticas a partir de diferentes técnicas plásticas: picado, recortado, modelado, pintado, estampado...	x					x	x	x
Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos e contrastes básicos: longo/ curto, forte/ suave, agudo/grave...	x		x		x		x	x
Posibilidades expresivas corporais para comunicarse cos demais.						x	x	x
Participación e goce nas actividades dramáticas, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.						x	x	x

4.1. ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL. COMPETENCIAS, OBXECTIVOS E CONTIDOS.

Esta área de coñecemento e de experiencia fai referencia, de forma conxunta, á construción gradual da propia identidade, ao establecemento de relacións sociais e afectivas, á autonomía e coidado persoal, e á mellora no dominio e control dos movementos, xogo e execucións corporais, todos eles entendidos como procesos inseparables e complementarios. Esta área relaciónase con todas e cada unha das competencias, mais destacamos como competencias máis salientables:

- Autonomía e iniciativa persoal.
- Aprender a aprender.
- Coñecemento e interacción co mundo físico.

4.1.1. NIVEL: 4º EI.

Obxectivos.

- Discriminar algunhas partes do corpo.
- Explorar as percepcións dos sentidos.
- Expresar preferencias, gustos e emocións.
- Adquirir hábitos relacionados co coidado das plantas.
- Progresar na adquisición de hábitos relacionados coa alimentación e a saúde.
- Identificar a roupa adecuada para o inverno/verán.
- Desenvolver a capacidade de observación e atención.
- Coordinar o movemento corporal coa música.
- Exercitar as destrezas manuais.
- Participar nos xogos e actividades de grupo.

Contidos.

- O corpo humano. Exploración do propio corpo. Discriminación dalgunhas partes do corpo.
- Os sentidos: órganos dos sentidos e as súas funcións. Asociación das partes do corpo cos sentidos correspondentes. Exploración dos propios sentidos para observar a contorna.

- Exploración de elementos a través do olfacto. Valoración dos sentidos como medio para explorar a contorna.
- Identificación e expresión dos propios sentimentos e emocións. Respecto cara aos sentimentos dos outros.
- Adquisición de hábitos relacionados co coidado das plantas e o coidado dos animais.
- Iniciativa para levar a cabo hábitos relacionados coa alimentación de forma autónoma. Apreciación dunha alimentación equilibrada.
- Hábitos saudables. Recoñecemento dalgúns elementos necesarios para o coidado da saúde no verán. Valoración dos hábitos que favorecen a saúde.
- Prendas de vestir. Identificación da roupa de inverno/verán.
- Desenvolvemento da capacidade de observación e atención na realización de actividades.
- Xogo e movemento. Coordinación dos movementos corporais coa música. Exercitación de destrezas manuais mediante xogos diversos. Participación activa nos xogos e actividades grupais. Disposición nos hábitos de colaboración e axuda. Respecto pola quenda de palabra e as intervencións dos compañeiros. Interese por axudar aos seus compañeiros.

4.1.2. NIVEL: 5º EI.

Obxectivos.

- Identificar as partes do corpo.
- Recoñecer as necesidades físicas propias.
- Explorar as percepcións dos sentidos.
- Adquirir hábitos de coidado e respecto cara ás plantas e os animais.
- Manifestar actitudes de respecto, conservación e coidado ante o medio ambiente.
- Adquirir hábitos correctos de alimentación.
- Adquirir autonomía nos hábitos de protección fronte ao sol e á calor.
- Coñecer medidas para a prevención de accidentes e na realización de deportes.
- Discriminar a roupa adecuada para as distintas estacións.
- Desenvolver a capacidade de observación e memoria.
- Potenciar as destrezas manuais.

Contidos.

- Partes do corpo. Identificación das extremidades dos seres vivos.
- Aprendizaxe da maneira de satisfacer as necesidades básicas propias. Aceptación da propia identidade, das súas posibilidades e limitacións.
- Os sentidos. Discriminación de elementos que desprenden cheiros agradables ou desagradables.
- Adquisición de hábitos de coidado e respecto cara ás plantas.
- Adquisición de pequenas responsabilidades e hábitos de hixiene no coidado dos animais. Discriminación de accións correctas ou incorrectas no coidado dos animais.
- Recoñecemento da importancia de adquirir hábitos saudables na alimentación.
- Prevención de riscos, enfermidades e accidentes e na práctica de deportes.
- Adquisición de hábitos de protección fronte ao sol e á calor. Valoración das condutas que favorecen a saúde no verán.
- Identificación da roupa máis adecuada para as distintas estacións.
- Confianza nas propias capacidades para realizar distintas tarefas.
- Valoración do traballo ben feito, recoñecemento dos erros e aceptación das correccións.
- Disposición a participar nas actividades colectivas que se expoñen.
- Actitude de axuda e colaboración cos compañeiros do grupo.
- Exercitación nas destrezas manuais mediante xogos diversos.

4.1.3. NIVEL: 6º EI.

Obxectivos.

- Recoñecer a función dos sentidos.
- Recoñecer as necesidades físicas propias e tentar satisfacelas.
- Recoñecer os cambios físicos propios ligados ao paso do tempo.
- Recoñecer e relacionar partes do corpo e pezas de vestir.
- Discriminar a roupa máis adecuada dependendo da estación.
- Exercitar xogos que reflictan a dominancia lateral.
- Identificar e expresar os propios gustos e preferencias.
- Comprender a importancia da alimentación para a saúde.
- Adquirir hábitos adecuados de responsabilidade e de coidado dos animais e as plantas.

- Desenvolver as capacidades de observación, atención e memoria.
- Potenciar as destrezas manuais.
- Valorar a importancia do deporte para a saúde.
- Adquirir hábitos de participación activa e responsable na vida en sociedade.

Contidos.

- Partes do corpo. Discriminación das partes da cara ao carón e ao outro lado do eixo de simetría. Interese por mellorar o coñecemento do propio corpo. Participación en xogos que afiancen a dominancia lateral.
- Establecemento de relacións entre as partes do corpo e a prendas de vestir adecuada.
- Identificación dos cambios producidos polo paso do tempo. Aceptación da propia identidade, das súas posibilidades e limitacións.
- Valoración das condutas e os hábitos que favorecen a saúde. Expresión das preferencias persoais na alimentación. Iniciación en hábitos de alimentación saudables a partir dunha dieta equilibrada.
- Atención e memoria. Discriminación das semellanzas e diferenzas entre dúas escenas.
- A saúde e o deporte. Valoración das condutas que favorecen a saúde.
- Adquisición de pequenas responsabilidades no coidado dos animais e as plantas. Respecto e coidado dos animais e plantas da contorna.
- Realización de xogos para a exercitación de destrezas manuais.

4.2. ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO. COMPETENCIAS, OBXECTIVOS E CONTIDOS.

A área de Coñecemento do Contorno posibilita ao neno e nena o descubrimento, comprensión e representación de todo o que forma parte da realidade, mediante o coñecemento dos elementos que a integran e das súas relacións, favorecendo a súa inserción e participación na mesma de maneira reflexiva. Esta área contribúe ao desenvolvemento do conxunto de competencias básicas, destacando a súa achega ás seguintes competencias:

- Coñecemento e interacción co mundo físico.
- Social e cidadá.
- Cultural e artística.
- Matemática.

4.2.1. MEDIO FÍSICO: Elementos, relacións e medidas.

NIVEL: 4º EI.

Obxectivos.

- Identificar e trazar os primeiros números
- Asociar os números ás cantidades correspondentes.
- Realizar a serie numérica.
- Identificar e trazar o círculo, o cadrado e o triángulo.
- Coñecer e utilizar os cuantificadores poucos/moitos.
- Percibir as diferenzas longo/curto.
- Ordenar as secuencias temporais.
- Establecer relacións lóxicas entre os obxectos.

Contidos.

- Identificación e trazo dos primeiros números. Asociación coas cantidades correspondentes. Realización da serie numérica. Valoración da importancia dos números na vida cotiá.
- Discriminación e trazado de formas planas: círculo, cadrado e triángulo.

- Discriminación de cantidades: pouco/moitos.
- Diferenciación longo/curto.
- Construción dun quebracabezas.
- Realización de series lóxicas.
- Discriminación de diferenzas entre dúas escenas.
- Relación de elementos con características iguais. Interese por explorar obxectos, contalos e comparalos.
- Utilización dun código numérico- cor. Interese por coñecer a linguaxe matemática. Valoración da utilidade da linguaxe matemática en situación da vida cotiá.

NIVEL: 5º EI.

Obxectivos.

- Identificar e trazar os números e asocialos á súa cantidade.
- Identificar os ordinais
- Utilizar adecuadamente os cuantificadores máis que/ menos que.
- Ordenar secuencias temporais.
- Iniciarse na realización de sumas.
- Establecer relacións lóxicas entre os obxectos.
- Explorar as características dos obxectos.

Contidos.

- Números. Identificación e trazado dos números e asociación de cada un coa súa cantidade correspondente. Realización de series numéricas. Descomposición de cantidades. Apreciación da utilidade dos números e as operacións matemáticas nos xogos e noutras actividades da vida cotiá.
- Identificación dos ordinais.
- Adición ou supresión de elementos para que haxa máis ou menos dunha cantidade dada.
- Ordenación lóxica dunha secuencia temporal.
- Iniciación á suma con apoio gráfico. Interese por iniciarse na realización de sumas.

- Ordenación das pezas dun crebacabezas para reconstruír unha escena.
- Discriminación de situacións espaciais opostas.
- Seriación de elementos atendendo a diferentes criterios.
- Complimentación dunha táboa atendendo a criterios de forma e cor.
- Gusto por explorar e analizar as características dos obxectos.
- Resolución dun labirinto.
- Curiosidade e interese por explorar obxectos, contalos e comparalos.
- Interese por participar en actividades con contido matemático.

NIVEL: 6º EI.

Obxectivos.

- Recoñecer e trazar os números e asocialos á súa cantidade.
- Identificar os ordinais.
- Realizar operacións sinxelas de descompor, agregar e quitar cantidades.
- Establecer relacións lóxicas entre os obxectos.
- Identificar e trazar rombos, esferas e cubos, entre outros corpos xeométricos.
- Identificar posicións respecto dun referente.
- Comprender e utilizar os cuantificadores todos/algún/ningún.
- Resolver problemas de sumas e restas.
- Ordenar secuencias temporais.
- Identificar o reloxo como un instrumento de medida do tempo.

Contidos.

- Escritura dos números. Reconto de elementos e asociación co número correspondente. Agrupación de elementos. Realización da serie numérica. Ordenación de números non correlativos de menor a maior. Realización de descomposicións numéricas.
- Escritura e aplicación a situacións da vida cotiá dos ordinais.
- Identificación e trazado de rombos.

- Características dos obxectos. Clasificación dos obxectos segundo sexan esferas ou círculos. Comprensión e uso das medidas ancho/estreito. Identificación e trazado dun cubo con apoio gráfico.
- Curiosidade e interese por explorar obxectos, contalos e comparalos.
- Ordenación das pezas dun quebracabezas para recompor a escena.
- Aplicación dos cuantificadores todos/algúns/ningún a situacións da vida diaria.
- Ordenación lóxica dunha secuencia temporal.
- Recoñecemento das posicións esquerda/dereita e arriba/abaixo respecto dun referente.
- Resolución de problemas de sumas e restas.
- Realización de seriacións de elementos verbalizando o criterio da serie.
- Apreciación da utilidade dos números e das operacións matemáticas nos xogos e noutras actividades da vida cotiá.

4.2.2. MEDIO FÍSICO: Achegamento á natureza.

NIVEL: 4º EI.

Obxectivos.

- Identificar as partes principais dunha planta.
- Respectar e coidar as plantas e o medio que as rodea.
- Identificar algunhas ferramentas relacionadas co coidado das plantas.
- Recoñecer as necesidades básicas das plantas.
- Identificar algúns alimentos de orixe vexetal e animal, e a súa procedencia.
- Identificar algúns animais.
- Coñecer as características e necesidades básicas dalgúns animais.
- Respectar e coidar os animais.
- Descubrir as achegas dalgúns animais aos seres humanos.
- Identificar algúns elementos da natureza.
- Observar e recoñecer os cambios no medio natural relacionados coas estacións.

Contidos.

- Identificación das partes principais dunha planta.
- Necesidades e coidados das plantas. Discriminación de obxectos e ferramentas relacionados co coidado das plantas. Interese e respecto cara ás plantas da contorna.
- Utilidade das plantas para os seres humanos. Interese por coñecer as relacións de equilibrio que se producen entre as persoas e as plantas.
- Os alimentos de orixe animal e vexetal. Identificación da procedencia dalgúns alimentos animais e vexetais.
- As estacións. Observación e recoñecemento das características principais das estacións. Discriminación das variacións climáticas e da paisaxe relacionadas coas catro estacións.
- Animais domésticos e de granxa. Identificación das características e necesidades básicas dos animais. Curiosidade por coñecer algúns animais. Desenvolvemento de actitudes de respecto e coidado cara aos animais.
- Descubrimento das achegas dalgúns animais ao ser humano. Interese por coñecer as relacións de equilibrio que se producen entre as persoas e os animais.
- Identificación de elementos da natureza: o sol e o mar. Valoración da súa importancia para a vida.
- Relación do tempo atmosférico cos cambios da natureza. Realización dun rexistro atmosférico.

NIVEL: 5º EI.

Obxectivos.

- Coñecer algunhas características, funcións e utilidades das plantas.
- Observar o proceso de nacemento e desenvolvemento das plantas.
- Analizar as características básicas dos animais.
- Recoñecer animais domésticos, de granxa e salvaxes.
- Descubrir as achegas dos animais ás persoas.
- Coñecer algúns alimentos de orixe vexetal e animal.
- Identificar as características dalgúns paisaxes naturais.

- Recoñecer os cambios no medio físico e nos hábitos persoais relacionados co paso das estacións.
- Recoñecer algunhas características das estacións.

Contidos.

- As plantas. Identificación das partes principais dunha planta. Realización dun taller de xardinaría para observar o crecemento das plantas. Identificación das necesidades e coidados das plantas. Interese polas plantas da contorna explorando as súas características máis importantes.
- Identificación dalgúns beneficios das plantas para as persoas. Interese por coñecer as relacións de interdependencia e equilibrio que se producen entre as persoas e as plantas da contorna.
- Os animais. Identificación de animais domésticos, de granxa e salvaxes. Análise das súas características básicas. Relación de distintos animais coas súas crías. Identificación do hábitat e o modo de desprazamento. Curiosidade por coñecer algúns animais da contorna.
- Identificación das necesidades básicas dos animais. Desenvolvemento de hábitos de coidado e respecto do medio natural. Descubrimento das achegas dos animais ás persoas.
- Os alimentos. Discriminación de alimentos de orixe animal e vexetal. Identificación da procedencia dalgúns alimentos elaborados.
- Identificación da montaña e a praia como paisaxes naturais. Respecto e coidado polos elementos da contorna natural.
- As estacións. Observación do cambio da paisaxe na contorna próxima pola chegada das diferentes estacións.
- Comparación das características climáticas das estacións. Curiosidade polos cambios e transformacións máis rechamantes do medio físico en relación co paso das estacións.
- Realización dun rexistro atmosférico.

NIVEL: 6º EI.

Obxectivos.

- Identificar as características e partes fundamentais das plantas.
- Observar o proceso de nacemento e desenvolvemento das plantas.
- Comprender e desenvolver accións relacionadas co coidado e conservación das plantas.
- Coñecer a utilidade das plantas para as persoas.
- Discriminar algúns alimentos de orixe vexetal e coñecer as súas características.
- Aproximarse ao medio físico natural con actitudes de respecto, conservación e coidado.
- Recoñecer algúns cambios no medio físico e nos hábitos persoais relacionados coas estacións.
- Identificar os cambios meteorolóxicos que se producen na contorna.
- Analizar as características básicas dos animais.
- Observar as formas de desprazamento dos animais segundo as súas características e o hábitat no que viven.
- Identificar as fases do desenvolvemento animal.
- Descubrir a utilidade dos animais para as persoas.
- Identificar a procedencia dalgúns alimentos de orixe animal.

Contidos.

- As plantas. Recoñecemento das partes principais. Observación do seu proceso de desenvolvemento. Identificación de accións relacionadas co seu coidado e conservación. Interese por coñecer as relacións de interdependencia e equilibrio que se producen entre as persoas e as
- plantas da contorna.
- Recoñecemento das características máis significativas das estacións. Curiosidade polos cambios e transformacións máis rechamantes do medio físico en relación co paso das estacións.
- Realización dun rexistro atmosférico. Observación de fenómenos do medio natural.

- Características externas dos animais. Clasificación dos animais segundo o hábitat onde viven. Identificación de diversas formas de desprazamento. Curiosidade polas características e funcións máis sinaladas dos seres vivos.
- Observación e identificación das fases do desenvolvemento animal. Discriminación de animais ovíparos e mamíferos.
- Descubrimento da utilidade dos animais para as persoas. Desenvolvemento de hábitos de coidado e respecto cara aos animais da contorna.
- Alimentos de orixe animal e vexetal. Elaboración dun menú persoal. Distinción de alimentos que poden ser para primeiro, segundo prato ou sobremesa. Valoración da importancia de ter unha dieta equilibrada.

4.2.3. MEDIO FÍSICO: Cultura e vida en sociedade.

NIVEL: 4º EI

Obxectivos.

- Identificar os grupos sociais dos que forma parte, os seus compoñentes, funcións e normas.
- Participar na vida familiar e escolar, responsabilizándose de tarefas sinxelas.
- Coñecer diferentes lugares para ir de vacacións.
- Discriminar diferentes actividades que se desenvolven durante as vacacións e tempo de lecer.
- Identificar algúns medios de transporte.
- Mostrar comportamentos que denoten iniciativa, autonomía e interese.
- Orientarse nos espazos próximos e no tempo.

Contidos.

- Os primeiros grupos sociais: a familia e a escola.
- Principais tarefas, funcións e actividades que se desenvolven na familia e na escola.
- Desenvolvemento de actitudes de afecto, iniciativa, axuda, nas relacións cos membros dos grupos aos que pertence.

- Respecto e participación na elaboración das normas que rexen a convivencia.
- Lugares de vacacións: praia, montaña e cidade. Diferenciación de formas de lecer durante as vacacións. Interese por coñecer algúns lugares onde pasar as vacacións.
- As viaxes. Discriminación de distintos medios de transporte. Valoración das actitudes de responsabilidade nos transportes.

NIVEL: 5º EI

Obxectivos.

- Coñecer algunhas profesións e actividades relacionadas coas plantas e os animais.
- Identificar lugares onde pasar as vacacións e gozar do tempo libre.
- Coñecer algunhas actividades para realizar no tempo libre.

Contidos.

- Relacións de parentesco.
- Identificación de distintas profesións relacionadas coas plantas e os animais. Respecto polas distintas profesións e o seu beneficio para a sociedade.
- Identificación de lugares onde pasar as vacacións. Discriminación de obxectos relacionados coas viaxes e as vacacións.
- Exploración de actividades que se poden realizar nos distintos lugares. Identificación de diferentes deportes como unha forma de lecer e mantemento da saúde.
- Valoración do turismo cultural como unha das actividades que se poden realizar.
- Gusto por manter actitudes cívicas.
- Esfuerzo por asumir pequenas responsabilidades e levalas a cabo con progresiva autonomía.

NIVEL: 6º EI

Obxectivos.

- Coñecer e valorar as manifestacións culturais propias de Galicia.
- Coñecer algunhas relacións co medio físico e social, identificando os cambios que neles se producen.

Contidos.

- Dirección da rúa onde viven e número de teléfono.
- Secuenciación das principais actividades cotiás.
- Identificación dos trazos principais da súa localidade.
- Recoñecemento dos medios de transporte aéreos, acuáticos e terrestres.
- Desenvolvemento de actitudes vinculadas ao consumo responsable.
- Aprecio polos elementos representativos de Galicia.

4.3. ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN. COMPETENCIAS, OBXECTIVOS E CONTIDOS.

Esta área contribúe a mellorar as relacións entre o individuo e medio. Os diferentes tipos de comunicación posibilitan as interaccións cos demais, a representación e a expresión de pensamentos e vivencias. A través da linguaxe o neno/a estrutura o seu pensamento, amplía os seus coñecementos sobre a realidade, establece relacións cos seus iguais e cos adultos, o cal favorece o seu desenvolvemento afectivo e social. Na área intégranse todas as formas de linguaxe: oral, escrito, artístico, corporal, audiovisual e das tecnoloxías da información e a comunicación. A área de Linguaxes: Comunicación e Representación determina un ámbito de experiencias e desenvolvemento de marcado interese para potenciar as competencias básicas. A relación máis marcada establécese con:

- Comunicación lingüística.
- Cultural e artística.

- Tratamento da información e competencia dixital e
- Autonomía e iniciativa persoal.

4.3.1. ÁREA DE LINGUAXES: Linguaxe verbal.

NIVEL: 4º EI.

Obxectivos:

- Utilizar o vocabulario temático.
- Adquirir habilidade e coordinación na realización de trazos.
- Interpretar e describir escenas.
- Coñecer e comprender algúns contos, poemas e adiviñas.
- Recoñecer a linguaxe escrita como forma de comunicación.
- Cantar e representar cancións en clase como medio de expresión e aprendizaxe da lingua estranxeira.

Contidos:

- Uso progresivo do vocabulario temático. Esfuerzo por adquirir un vocabulario adecuado
- Realización dos trazos semicirculares e crebados.
- Descrición de obxectos, láminas e situacións.
- Comprensión de contos, adiviñas e poemas. Identificación e descripción das escenas dun conto. Interpretación e memorización dun poema. Valoración da poesía como medio de expresión.
- Curiosidade por resolver adiviñas.
- Expresión de gustos, sentimentos e vivencias.
- Actitude de escoita e respecto aos outros en conversacións colectivas.
- Interese por mellorar o xesto gráfico.
- Representación de cancións da lingua estranxeira.

NIVEL: 5º EI.

Obxectivos

- Utilizar o vocabulario temático.
- Adquirir a coordinación e a habilidade necesarias para realizar os trazos propostos.
- Describir obxectos, escenas, acontecementos e situacións.
- Comprender e reproducir narracións, poemas e contos.
- Formular frases sinxelas con pronuncia correcta e estruturada.
- Familiarizarse coa lingua escrita.
- Comprender a utilidade das cartas.
- Iniciarse na escritura dalgunhas palabras.
- Establecer de forma paulatina as rutinas básicas da aula de inglés.

Contidos:

- Emprego de vocabulario temático. Esfuerzo por adquirir un vocabulario correcto.
- Realización dos trazos propostos. Interese por adquirir as destrezas manuais necesarias para a escritura.
- Observación e descrición das escenas dun conto, de obxectos e de situacións.
- Contos e poemas. Comprensión do argumento dun conto. Identificación dos protagonistas dunha narración. Discriminación de elementos nomeados nunha narración.
- Identificación das paisaxes descritas en poemas. Explicación de contos coñecidos. Comprensión e reprodución de poesías. Interese polos contos e narracións que contan os adultos que lle rodean. Interese pola a poesía como medio de expresión.
- Realización de xogos orais. Valoración dos momentos de comunicación e expresión colectivos. Valoración social dos usos da linguaxe.
- Comprensión de palabras de apoio gráfico.
- Valoración da biblioteca de aula como espazo para a aprendizaxe e o goce.
- Valoración da linguaxe oral como medio para comunicar sentimentos, experiencias e desexos propios.
- Valoración da funcionalidade da escritura na vida cotiá.

- Actitude de escoita e respecto nas situacións comunicativas, manifestando respecto e interese polas opinións dos demais.
- Iniciación na escritura de palabras da contorna. Cumplimentación dunha carta. Valoración da funcionalidade da escritura.
- Valoración do uso da biblioteca de aula.
- Establecemento das rutinas básicas da sesión de inglés.

NIVEL: 6º EI.

Obxectivos

- Identificar a función das etiquetas.
- Recoñecer letra e palabras.
- Familiarizarse coa lingua escrita mediante a observación e identificación de palabras e a escritura de cartas.
- Comprender o argumento e a estrutura de narracións e contos.
- Perfeccionarse na escritura do propio nome.
- Expresar con corrección os propios gustos, necesidades e desexos.
- Comprender mensaxes orais en situación habituais de comunicación na aula e responder a estes.

Contidos:

- Emprego de vocabulario temático. Esfuerzo por adquirir un vocabulario correcto.
- Realización dos trazos propostos.
- Observación e descrición das escenas dun conto. Actitude de escoita e respecto nas distintas situacións comunicativas que se dan na aula.
- Etiquetas. Interpretación de etiquetas con apoio gráfico e asociación co obxecto correspondente.
- Comprensión de palabras con apoio gráfico. Valoración da funcionalidade da escritura na vida cotiá. Interese por coñecer e exercitar algunhas destrezas propias da comunicación escrita.
- Comprensión do argumento de contos e adiviñas. Interese polo argumento dos textos que se len na aula.

- Asociación de palabras que riman.
- Observación e descrición de láminas e imaxes.
- Escritura de palabras da contorna. Esfuerzo e interese por iniciarse na escritura de palabras.
- Identificación das partes dunha carta. Valoración da funcionalidade da escritura.
- Observación de situacións contrarias e verbalización dos antónimos correspondentes.
- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como instrumento para comunicar sentimentos, ideas e intereses propios.
- Comprensión de mensaxes orais en situacións habituais de comunicación na aula e responder a estes.

4.3.2. ÁREA DE LINGUAXES: Linguaxe audiovisual.

NIVEL: 4º EI.

Obxectivos:

- Introducirse no uso dos medios audiovisuais.
- Recoñecer as posibilidades dos medios audiovisuais como fonte de información e diversión.

Contidos:

- Actitude positiva cara aos medios audiovisuais á hora de aprender.

NIVEL: 5º 6º EI.

Obxectivos:

- Aproximarse de forma progresiva ao computador.
- Coñecer a existencia do correo electrónico como un novo medio de comunicación. Curiosidade polo uso de novos instrumentos tecnolóxicos.
- Toma de conciencia da variación nos costumes debida ao paso do tempo.

Contidos:

- Actitude positiva cara aos medios audiovisuais á hora de aprender.

4.3.3. ÁREA DE LINGUAXES: Linguaxe artística.

NIVEL: 4º EI.

Obxectivos:

- Identificar e usar as cores amarela, vermella, azul e verde.
- Familiarizarse coas obras de arte.
- Empregar distintos materiais e técnicas para realizar obras plásticas persoais.
- Explorar as posibilidades expresivas de distintas técnicas plásticas.
- Coñecer e interpretar algunhas cancións.
- Desenvolver a actitude de escoita e atención en audicións musicais.
- Discriminar sons fortes e frouxos.
- Identificar os sons dalgúns animais.
- Coñecer instrumentos musicais de percusión.

Contidos:

- Identificación das cores amarela, vermella, azul e verde. Aplicación das cores en composicións plásticas.
- Identificación dunha obra de arte e realización de creacións propias a partir da súa observación.
- Utilización das técnicas plásticas: recortado, collage, témpera, debuxo, picado, pegado de materiais, grafismo, soprado de pintura e coloreado con ceras brandas. Emprego de distintas técnicas plásticas para crear obras persoais.
- Interese por coñecer e explorar as propias capacidades expresivas. Respecto polas producións propias e dos demais.
- Mantemento da orde e limpeza na aula.

- Memorización e comprensión dunha canción. Interese por escoitar e aprender cancións e melodías. Gozar coa música clásica.
- Identificación da intensidade do son: forte/frouxo.
- Identificación dos sons dalgúns animais.
- Discriminación visual e auditiva do triángulo e dos crótalos.

NIVEL: 5º EI.

Obxectivos:

- Recoñecer e utilizar as cores morada e marrón.
- Familiarizarse con obras de arte.
- Explorar distintas técnicas plásticas para realizar creación persoais.
- Comprender e reproducir cancións.
- Desenvolver a actitude de escoita e atención nas audicións musicais.
- Recoñecer calidades do son.
- Identificar sons de animais.
- Recoñecer instrumentos de percusión e vento.

Contidos:

- Discriminación e uso das cores morada e marrón.
- Realización de creacións propias a partir da observación dunha obra de arte. Valoración e interpretación persoal dalgunhas obras de arte.
- Utilización das técnicas plásticas: collage, pegado de flores, grafismo, soprado de pintura, debuxo, picado e pintura con témpera e sal. Exploración das posibilidades expresivas das distintas técnicas plásticas. Gusto por utilizar as capacidades e técnicas adquiridas na realización de producións persoais.
- Participación na limpeza e recollida de materiais.
- Comprensión e memorización de cancións.

- escoita atenta de audicións. Realización dunha composición plástica a partir dunha audición musical.
- Discriminación de obxectos segundo emitan un son grave ou agudo.
- Interese por coñecer as distintas calidades do son.
- Imitación dos sons producidos por distintos animais. Interese por coñecer os sons de distintos animais.
- Discriminación de obxectos segundo emitan un son grave ou agudo. Interese por coñecer as distintas calidades do son.
- Imitación dos sons producidos por distintos animais. Interese por coñecer os sons de distintos animais.
- Discriminación visual e auditiva de instrumentos musicais de percusión e vento.
- Apreciación das posibilidades da música como medio de expresión.

NIVEL: 6º EI.

Obxectivos:

- Discriminar e usar tonalidades de verde e as cores branco e negro.
- Coñecer, valorar e interpretar algunhas obras artísticas da tradición cultural.
- Explorar distintas técnicas plásticas e materiais para realizar creacións artísticas persoais.
- Empregar correctamente os utensilios plásticos básicos.
- Identificar as calidades do son,
- Reproducir cancións tradicionais e de nova creación.
- Desenvolver actitudes de escoita e atención nas audicións musicais clásicas.
- Identificar visual e auditivamente instrumentos musicais de corda.
- Identificar os sons de distintos animais.

Contidos:

- Discriminación e uso de distintas cores.

- Experimentación plástica a partir da observación de obras de arte.
- Interese por coñecer algunhas obras de arte.
- Utilizar as técnicas plásticas: grafismo, collage, pintura soprada,
- témpera e sal, debuxo en cuadrícula e creativo. Interese por coñecer
- novos medios de expresión utilizando materiais e técnicas diversas.
- Coidado e respecto pola material da aula.
- Interpretación dun código para identificar sons graves e agudos.
- Discriminación de sons de animais, segundo sexan graves ou agudos.
- Aprendizaxe e goce de cancións.
- Expresión das sensacións producidas por unha audición musical
- clásica. Apreciación das posibilidades da música como medio de expresión.
- Identificación dos animais evocados nunha audición. Apreciación das posibilidades da música como medio de expresión.
- Identificación visual e sonora de instrumentos musicais de corda.

4.3.4. ÁREA DE LINGUAXES: Linguaxe corporal.

NIVEL: 4º EI.

Obxectivos:

- Exercitar as posibilidades expresivas do corpo.
- Participar en actividades baseadas na linguaxe corporal.

Contidos:

- Participación en actividades de dramatización. Reprodución de xestos e expresións para recrear
- unha situación proposta. Dramatización dun conto.
- Interese e goce cos xogos actividades baseadas na linguaxe corporal.
- Participación en xogos grupais.

NIVEL: 5º EI.

Obxectivos:

- Participar en actividades de dramatización.

Contidos:

- Representación de personaxes e feitos.
- Gusto por participar en actividades de dramatización.
- Valoración dos usos expresivos e comunicativos do propio corpo.

NIVEL: 6º EI.

Obxectivos:

- Participar na preparación de actividades de dramatización e actividades baseadas na linguaxe corporal.

Contidos:

- Realización de dramatizacións.
- Reprodución de xestos e movementos para recrear unha situación proposta. Interese e goce cos xogos e actividades baseadas na linguaxe corporal.

5. METODOLOXÍA

En canto á metodoloxía empregaremos os principios básicos desta etapa que están centrados en que o neno "aprenda facendo" e propóñense actividades de observación, manipulación e experimentación por parte do docente nun ambiente de xogo e afecto que lle proporcionan a base das súas aprendizaxes. En definitiva, seguiremos os seguintes principios metodolóxicos:

- Consistencia evolutiva: Supón a adecuación dos contidos ao nivel do grupo e ao estadio evolutivo do neno. Todo iso atendendo á individualidade.
- Actividade autoestructurante: mediante unha intensa actividade, o neno intervén no medio, modifícao e interacciona de forma activa con el.
- Globalización: organizando os coñecementos segundo os intereses e necesidades dos nenos, e tendo en conta a peculiar forma que teñen os nenos de percibir a realidade en bloque.
- Construción de aprendizaxes significativas, que, seguindo a Ausubel, son aquelas que parten do que o neno xa sabe, establecendo relacións significativas cos novos coñecementos, modificando e ampliando as súas estruturas cognitivas.
- Principio de actividade lúdica, pois o xogo é a actividade do neno por excelencia.
- Coordinación familia- escola, pois son os dous modelos que o neno ten máis próximos e a colaboración e a unidade de criterios entre ambos os dous é fundamental.
- Principio da pedagogía do éxito, xa que tal como di Vygotski debemos propoñer aos alumnos tarefas que poidan concluír con éxito, xa que este motiva e o fracaso non.

5.1. AS COMPETENCIAS BÁSICAS E A SÚA REPERCUSIÓN NA METODOLOXÍA

A incorporación das competencias básicas no currículo obriga a crear modelos que permitan a mobilización de diferentes recursos cognitivos. Precísase unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica, e dicir "aprender a aprender" e de "aprender facendo". Para desenvolver as competencias, é necesario traballar algún proxecto; así, propoñeranse tarefas e retos que inciten ao alumnado a mobilizar os seus coñecementos e habilidades, partindo do coñecido cara o afastado, do concreto ó abstracto e do simple ó completo.

Estas tarefas teñen como obxectivo a integración do saber, saber facer e saber ser, mobilizando todos os recursos dispoñibles da persoa e permitindo a transferencia de saberes á vida cotiá. O papel da persoa docente será, polo tanto, o de organizadora dunha pedagogía construtivista; creará situacións de aprendizaxe e garantirá a súa significatividade, xestionará a heteroxeneidade e regulará os procesos.

Sen dúbida, no traballo por proxectos as nenas e os nenos aprenden porque teñen interese polo que fan, senten curiosidade, o que aprenden ten sentido, está contextualizado e establecen relacións co que xa saben. Con esta metodoloxía, son cada vez mais autónomos e protagonistas do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, o feito de que un grupo desenvolva unha tarefa sobre o mesmo tema lévaos a compartir, debater, investigar..., producíndose unha verdadeira comunicación entre todas e todos na aula e aprendendo a considerar as diferentes opinións.

Dende a metodoloxía de proxectos, pártese do persoal e próximo ao máis complexo, respectando os diferentes niveis de aprendizaxe, promove a aprendizaxe significativa, facendo que o neno controle a súa propia aprendizaxe, favorece o traballo en equipo, relaciona o mundo escolar co mundo fóra da aula, promóvese a implicación, o pensamento crítico e a iniciativa persoal.

En resumo, dende a perspectiva didáctica, o proxecto articúlase como un itinerario formativo planificado en situacións de ensino nas cales se poñen en práctica diferentes competencias básicas que inclúen o saber ser, estar, facer, actuar e o saber conceptual que se atopa implícito nos anteriores.

5.2.ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

5.2.1. Espazos.

Debemos cumprir os criterios de funcionalidade, habitabilidade, versatilidade e seguridade, ademais das condicións materiais e de instalacións esixidas no R.D.132/2010 do 12 de Xuño. É moi importante crear un ambiente cálido e comfortable que favoreza a autonomía do neno/a, así como a súa integración no grupo. Os espazos evolucionan coas persoas que os utilizan, polo que terán que axustarse ás necesidades e intereses cambiantes dos nenos/as.

A aula estará dividida en recantos, os fixos e os específicos dalgunha unidade didáctica ou proxecto de traballo que o requira. Esta organización facilitará ao neno e nena a súa relación cos demais e cos obxectos, fomentando a súa autonomía.

- Recantos fixos: o do Xogo Simbólico, o da Biblioteca, o da Lóxica-matemática, o de Plástica, Ordenador, o dos Coches e Xogos de construción, e unha zona claramente diferenciada, para o traballo Individual ou grupal dependendo da actividade.
- Recantos específicos: estará relacionado co proxecto de traballo levado a cabo nese momento. Contará con contos, libros de información, xogos, fotos, material audiovisual...

5.2.2. Tempos.

Á hora de organizar o tempo teranse en conta 4 factores: a idade, o potencial motivador da proposta, a natureza da propia actividade e o momento do día en que se pretende desenvolver a devandita actividade.

A organización do tempo será flexible, respectando os ritmos de actividade, xogo e descanso dos nenos e nenas. Cobrarán especial relevancia as rutinas diarias, xa que proporcionan ao neno seguridade e confianza; axudan a asimilar as nocións espazo- temporais e facilitan a adquisición dos hábitos persoais e sociais imprescindibles para o desenvolvemento integral da persoa.

5.2.3. Recursos.

Por outra parte, o material da aula será variado e estimulante, adaptado á súa idade, colocado á vista e ao alcance dos nenos, distribuído por recantos, facilitando o seu uso, distribución e conservación, ademais de favorecer a autonomía dos nenos. Ademais dos materiais propios de cada recanto, contamos cun ordenador.

6. RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA.

Esta relación debe estar baseada na información, comunicación e participación, apoiándose en tres bases fundamentais:

- Sociolóxicas, xa que as familias necesitan estar informados do que acontece cos seus fillos e fillas.
- Pedagóxicas, dado que as aprendizaxes en educación infantil teñen que ver coa vida cotiá; deste xeito e coa colaboración da familia, conseguiremos aprendizaxes significativas.
- Legais, porque a constitución no seu artigo 27 di que os pais e nais intervirán no control e xestión dos centros.

7. EDUCACIÓN EN VALORES.

A educación en valores é necesaria para promover actitudes e valores na sociedade actual. Trataranse dende unha perspectiva globalizada, xa que se quere impregnar a actividade no seu conxunto con estes contidos. As razóns que os xustifican son:

- Pedagóxicas: xa que se busca o desenvolvemento integral do neno e da nena.
- Sociais: porque a escola ten carácter preventivo e compensador ante as demandas sociais con respecto a determinados asuntos que preocupan á sociedade.
- Legais: xa a LOE, no seu artigo 121, di que “a educación en valores tratarase transversalmente a través das diferentes áreas, materias ou módulos no currículo”.

Os temas que se traballarán especialmente son:

- A educación ambiental: dirixida a crear nos nenos unha actitude responsable con respecto ao noso ámbito, así como participar no seu mantemento e limpeza.
- Educación para a igualdade de homes e mulleres: desenvolver actitudes de respecto, tolerancia e colaboración entre nenos e nenas.
- A educación para o consumidor: desenvolver nos nenos unha actitude crítica cara a temas como o consumo e a publicidade.
- Educación para a paz: dirixido ao desenvolvemento do respecto e colaboración, solidariedade, liberdade ... entre os nenos.

- Educación para a saúde: ao tratar este tema perséguese concienciar aos nenos da necesidade de hábitos básicos de hixiene e alimentación para o mantemento da nosa saúde.
- Educación viaria: o seu obxectivo será desenvolver nos nenos actitudes responsables como peóns, como ocupantes dun coche ou como condutor dun vehículo infantil.
- Educación para o lecer: pretende potenciar os xogos cooperativos e tradicionais, o disfrute ao aire libre, etc.
- Educación sexual: nesta etapa traballarase no coñecemento do corpo, a evolución física, comparación das partes do corpo (neno-nena) e evitaremos a discriminación por razón de sexo. Todo nun ambiente de naturalidade e afecto.
- Educación multicultural: pretende fomentar o interese por coñecer culturas diferentes á propia, desenvolvendo actitudes de respecto cara estas.
- Educación emocional: ensino das habilidades emocionais e perfeccionamento das mesmas.

8. ENFOQUE DA LECTOESCRITURA E DA LÓXICA-MATEMÁTICA.

8.1. LECTOESCRITURA E PROXECTO LECTOR

Antes de falar dun método concreto é preciso recordar que a primeira actuación será traballar os requisitos madurativos para que o neno e a nena poda chegar a ler e escribir: lateralidade, esquema corporal, coordinación óculo- motriz, percepción e discriminación auditiva, habilidade grafomotriz... O método utilizado para a aprendizaxe da lectoescritura podemos consideralo mixto, baseado nunha mestura dos métodos analítico- sintético e global, e partindo sempre do coñecido e sinxelo para chegar ao descoñecido e complicado. Así, os seus nomes (en perchas, mesas e gabetas) e carteis da aula (en recunchos, materiais...) serán a primeira forma de contacto. E tendo en conta que as actividades gráficas (de lapis e papel) serán as últimas, primeiro terán lugar as manipulativas (co corpo, obxectos, plastilina, ...) e as verbais (**Rodari**).

A biblioteca de aula cobra especial importancia con respecto ó fomento da lectura entre os pequenos/as; ademais de ser un lugar para consultar e ver libros, convértese nun espazo para a realización de actividades: elaboración de paneis informativos, lectura compartida, lectura de imaxes, busca a letra do día, marca páxinas, crítica de libros,

Para finalizar, dicir que se destinan 25 minutos diarios á lectura, despois do recreo (hora de ler). Procúrase que os libros elixidos teñan conexión coas unidades e temáticas que se traballan.

8.2. HABILIDADES LÓXICO-MATEMÁTICAS

O coñecemento matemático é unha ferramenta básica para a comprensión e manexo da realidade na que viven os nenos e nenas. As actividades planificadas serán significativas, partindo do propio corpo e da manipulación, da experiencia directa.

9. AVALIACIÓN

Partiremos da Orde do 25 de Xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de EI na CCAA de Galicia , onde define a avaliación na EI como global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación.

O referente da avaliación serán os obxectivos xerais, unha vez adecuados ao contexto e ás peculiaridades do alumnado no Proxecto Curricular e nas programacións.

Será fundamental neste proceso a avaliación inicial para saber que ideas previas posúen os alumnos sobre o tema a tratar. A avaliación será global tendo como referente o conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais; así mesmo será continua informándonos da evolución do proceso de ensino- aprendizaxe, dándonos a oportunidade de facer as modificacións pertinentes no proceso; e tamén será formativa, axustando a propia intervención educativa ao proceso segundo as necesidades.

Utilizamos para a recollida de datos a observación directa e sistemática, así como listas de control e anecdotarios para recoller o máis relevante de cada neno.

A avaliación non incumbe soamente aos alumnos, senón que será un proceso de retroalimentación en diferentes campos de actuación. Estes son:

- Procesos de interacción afectiva e de comunicación efectiva entre as persoas implicadas no proceso educativo, nos contextos escolar, familiar e social.
- A optimización das condicións organizativas e dos recursos dispoñibles.
- A adecuación da programación.
- A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das CCBB.
- desenvolvemento das capacidades dos nenos de acordo cos obxectivos xerais de etapa.
- As consideracións derivadas do proceso de avaliación deberán ser comunicadas periodicamente ás familias.

Ademais tomaremos como referencia na avaliación continua para o desenvolvemento das capacidades dos alumnos/as os seguintes criterios de avaliación tendo en conta as 3 áreas:

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	COMPETENCIAS							
	1	2	3	4	5	6	7	8
Identifica a imaxe global do corpo e discrimina as diferentes partes.	x						x	x
Discrimina as percepcións sensoriais.	x						x	x
Identifica os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias.	x				x		x	x
Realiza de maneira cada vez máis autónoma, actividades e tarefas.	x				x		x	x
Manifesta hábitos relacionadas coa alimentación, hixiene e benestar.			x		x		x	x
Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas, valorando positivamente a diversidade.	x				x		x	x
Participa en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.							x	x
Resolve con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.			x		x		x	x
COÑECEMENTO DO CONTORNO	COMPETENCIAS							
	1	2	3	4	5	6	7	8
Utiliza a representación matemática para agrupar, contar, identificar,...		x	x				x	x
Emprega os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordena elementos da realidade		x	x				x	x
Propón e resolve problemas sinxelos.			x	x			x	x
Mostra interese polo medio natural e os seus cambios.			x		x		x	x
Manifesta actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participa en actividades para conserva-la.			x		x		x	x
Identifica e coñece os grupos sociais do seu contorno.	x		x		x		x	x
Recoñece as manifestacións culturais próximas e doutras realidades.	x		x		x	x	x	x
LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	COMPETENCIAS							
	1	2	3	4	5	6	7	8
Comunica desexos, emocións e informacións de maneira oral e escrita.	x				x		x	x
Comprende mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	x				x		x	x
Mostra interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.	x					x	x	x
Goza compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...	x				x		x	x
Utiliza a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo e de entretemento.	x				x		x	x
Exprésase/comunícase utilizando medios, técnicas das linguaxes artísticas	x				x	x	x	
Utiliza, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as TICs.				x			x	x

Na avaliación final reflectiranse os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. Todos os documentos de avaliación formarán parte do Expediente Persoal do alumno e alumna e cubriranse electronicamente a través dos módulos do XADE.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Un dos obxectivos da LOE é a aceptación da diversidade do alumnado, que supón unha análise e unha reflexión sobre o grupo de alumnos/as, aceptando que cada un ten os seus propios intereses, capacidades e necesidades. É necesario avanzar cara a un modelo educativo no que todos poidan ser atendidos nun espazo o menos restritivo posible, un modelo educativo de promoción e desenvolvemento óptimo da persoa.

Factores persoais de diversidade:

- Intereses, que evolucionan a medida que os alumnos e alumnas se desenvolven e avanza no seu proceso de aprendizaxe.
- Motivacións, mecanismos que se activan pola acción de factores intrínsecos, de valoración social, de consecución de recompensas...
- Capacidades sensoriais, motrices, cognitivas, comunicativo-lingüísticas, de equilibrio persoal e de relación social.
- Estilos cognitivos, dependencia/independencia; flexibilidade/rixidez...

Todo isto esixe unha escola aberta á diversidade e unha escola flexible capaz de responder ás diferenzas que nos manifestan os alumnos e alumnas, en definitiva, unha escola inclusiva que:

- Non exerce discriminación, é unha escola para todos e todas.
- Considera as diferenzas como enriquecedoras do grupo.
- Incrementa a participación dos alumnos e alumnas.
- Adopta a flexibilidade curricular para garantir unha resposta adecuada ás diferenzas.
- Persegue unha educación de calidade.

A escola ten que adaptarse a tódolos alumnos e alumnas sen distinción de ningún tipo (sexo, idade, relixión, nivel cultural ou económico, procedencia, limitacións físicas ou psíquicas...) e dicir, preténdese que a escola garanta o dereito á educación que teñen tódolos individuos dunha

sociedade.

De acordo co Decreto 229/2011, 7 decembro a atención á diversidade debe ser unha realidade efectiva nas aulas. Deste xeito partimos da avaliación inicial que realizamos como titoras dos cursos e a revisión da avaliación inicial anterior, ademais de estar atentas a posibles dificultades que poidan ocorrer.

A primeira medida de atención á diversidade é a propia programación, pois adecúase a través dos seus elementos curriculares e da propia metodoloxía ás características do alumnado, das titoras, do centro e da realidade na que nos atopamos. A segunda medida é a aprendizaxe cooperativa, á cal empregamos en moitos momentos: dende abotoarse o mandilón co seu xemelgo ata compor quebracabezas por grupos de 3 ou 4.

Aplicaremos, cando sexan pertinentes, as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria: é unha medida de atención á diversidade de carácter ordinario, que afecta aos elementos non prescritivos do currículo. Non supón necesariamente medidas extraordinarias, nin necesita autorización. O seu desenvolvemento lévase a cabo na aula.
- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

No caso de non ser suficientes estas medidas, contamos co asesoramento e apoio do D.O e os seus especialistas que determinarán as medidas oportunas dependendo da situación do alumnado e favorecendo o seu desenvolvemento integral e cumprindo co Protocolo de derivación do PXAD.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebración internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas. Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso.

13. MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

Debido á actual situación sociosanitaria que estamos a vivir por mor da COVID-19 presentamos a continuación as medidas xerais que se levarán a cabo no caso de que teña que pórse en práctica a actividade lectiva de modo non presencial.

13.1. ACTUACIÓNS INICIAIS DE PREPARACIÓN PARA UN POSIBLE PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

No principio do curso, e a ser posible nos primeiros días de setembro, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Farase unha enquisa ás familias para poder identificar ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento. Solicitarase que a Consellería e o Concello adopten as medidas oportunas que minimicen para as familias máis desfavorecidas as dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Porase en funcionamento a aula virtual.
- Todo o profesorado do centro recibirá unha formación básica que lle permita empregar as aulas virtuais e dixital.
- A formación do profesorado verase reforzada por dous cursos que se impartirán durante os meses de setembro e outubro dende o CFR de Vigo mediante a nosa aula virtual dentro do PFPP que desenvolveremos durante este curso.

- equipo de dinamización das TICs porá toda a información na páxina do centro para informar e formar ás familias sobre o funcionamento das aulas virtuais e do Abalarmóbil (documentos explicativos, vídeos titoriais ...). Enviaránse os enlaces a esta información a través das habituais canles de comunicación coas familias.

En canto á formación do alumnado de Educación Infantil con respecto ás novas tecnoloxías, o profesorado tratará de acadar na medida do posible os contidos e destrezas mínimos que se reflicten na seguinte táboa:

Educación Infantil	
CONTIDOS E DESTREZAS	
Acender e apagar o ordenador	
O rato e o punteiro	X
O menú e iconas do escritorio	X
A barra de desprazamento	X
O monitor	X
Auriculares e altofalantes	X
Iniciar aplicacións desde o escritorio	X
O teclado: letras e números	X

13.2. PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

No caso de que tivésemos que levar a cabo a actividade lectiva non presencial a comunicación co alumnado e coas súas familias será fundamentalmente a través da Aula Virtual.

Semanalmente as mestras de Educación Infantil, en estreita coordinación, subiríamos á Aula Virtual unha serie de propostas de actividades para traballar os obxectivos mínimos que figuran nesta programación de ciclo e que terían que ver coa lóxica-matemática, as experiencias ou experimentos e a vida práctica, a lecto-escritura, a arte, a música, a psicomotricidade, etc.

Ademais desta canle de comunicación, diariamente estaríamos en contacto cos nenos e as familias a través de videochamadas ou mensaxes a través da plataforma Abalarmobil da Consellería.

14. OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS EN CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL EN EDUCACIÓN INFANTIL.

A continuación presentamos os Obxectivos e contidos mínimos para a etapa de Educación Infantil (4º, 5º e 6º) que pretendemos que o alumnado acade en caso de actividade lectiva non presencial. Aparecen organizados nas tres áreas de coñecemento e experiencia infantil.

14.1. OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS PARA 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

14.1.1 ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos.

- Discriminar algunhas partes do corpo e explorar as percepcións dos sentidos.
- Progresar na adquisición de hábitos relacionados coa alimentación e a saúde.

Contidos.

- O corpo humano. Exploración do propio corpo. Discriminación dalgunhas partes do corpo e asociación destas cos sentidos correspondentes.
- Iniciativa para levar a cabo hábitos relacionados coa alimentación de forma autónoma. Apreciación dunha alimentación equilibrada.

14.1.2. ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

MEDIO FÍSICO: Elementos, relacións e medida.

Obxectivos.

- Asociar os números ás cantidades correspondentes.
- Realizar a serie numérica.
- Coñecer e utilizar os cuantificadores poucos/moitos.
- Percibir as diferenzas longo/curto.

Contidos.

- Identificación e trazo dos primeiros números. Asociación coas cantidades correspondentes. Realización da serie numérica. Valoración da importancia dos números na vida cotiá.
- Discriminación de cantidades: pouco/moitos.

- Diferenciación longo/curto.

ACHEGAMENTO Á NATUREZA.

Obxectivos.

- Identificar algúns alimentos de orixe vexetal e animal, e a súa procedencia.
- Identificar algúns animais.
- Coñecer as características e necesidades básicas dalgúns animais.
- Observar e recoñecer os cambios no medio natural relacionados coas estacións.

Contidos.

- Os alimentos de orixe animal e vexetal. Identificación da procedencia dalgúns alimentos animais e vexetais.
- As estacións. Observación e recoñecemento das características principais das estacións. Discriminación das variacións climáticas e da paisaxe relacionadas coas catro estacións.
- Animais domésticos e de granxa. Identificación das características e necesidades básicas dos animais. Curiosidade por coñecer algúns animais. Desenvolvemento de actitudes de respecto e coidado cara aos animais.
- Relación do tempo atmosférico cos cambios da natureza.

CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE.

Obxectivos.

- Identificar os grupos sociais dos que forma parte, os seus compoñentes, funcións e normas.
- Identificar algúns medios de transporte.

Contidos.

- Os primeiros grupos sociais: a familia e a escola.
- As viaxes. Discriminación de distintos medios de transporte. Valoración das actitudes de responsabilidade nos transportes.

14.1.3. ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

LINGUAXE VERBAL

Obxectivos:

- Interpretar e describir escenas.
- Coñecer e comprender algúns contos, poemas e adiviñas.

Contidos:

- Descrición de obxectos, láminas e situacións.
- Comprensión de contos, adiviñas e poemas. Identificación e descrición das escenas dun conto. Interpretación e memorización dun poema. Valoración da poesía como medio de expresión. Curiosidade por resolver adiviñas.

LINGUAXE AUDIOVISUAL.

Obxectivos:

- Introducirse no uso dos medios audiovisuais.

Contidos:

- Actitude positiva cara aos medios audiovisuais á hora de aprender.

LINGUAXE ARTÍSTICA

Obxectivos:

- Empregar distintos materiais e técnicas para realizar obras plásticas persoais.
- Explorar as posibilidades expresivas de distintas técnicas plásticas.

Contidos:

- Utilización das técnicas plásticas: recortado, collage, témpera, debuxo, picado, pegado de materiais, grafismo, soprado de pintura e coloreado con ceras brandas. Emprego de distintas técnicas plásticas para crear obras persoais.

LINGUAXE CORPORAL

Obxectivos:

- Exercitar as posibilidades expresivas do corpo.

Contidos:

- Interese e goce cos xogos actividades baseadas na linguaxe corporal.

14.2. OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS PARA 5º E 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

14.2.1. ÁREA DE COÑECAMENTO DE SÍ MESMOE AUTONOMÍA PERSOAL.

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos.

- Identificar as partes do corpo.
- Recoñecer as necesidades físicas propias.

- Explorar as percepción dos sentidos.
- Manifestar actitudes de respecto, conservación e coidado ante o medio ambiente.

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos.

- Recoñecer a función dos sentidos.
- Recoñecer as necesidades físicas propias e tentar satisfacelas.
- Adquirir hábitos de participación activa e responsable na vida en sociedade.

14.2.2. ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

MEDIO FÍSICO: Elementos, relacións e medidas.

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos.

- Identificar e trazar os números e asocialos á súa cantidade.
- Explorar as características dos obxectos.

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos.

- Recoñecer e trazar os números e asocialos á súa cantidade..
- Establecer relacións lóxicas entre os obxectos.

ACHEGAMENTO Á NATUREZA.

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos.

- Coñecer algunhas características, funcións e utilidades das plantas.
- Recoñecer algunhas características das estacións.

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos.

- Identificar as características e partes fundamentais das plantas.

- Recoñecer algúns cambios no medio físico e nos hábitos persoais relacionados coas estacións.

CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE.

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos.

- Coñecer algunhas profesións e actividades relacionadas coas plantas e os animais.
- Coñecer algunhas actividades para realizar no tempo libre.

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos.

- Coñecer e valorar as manifestacións culturais propias de Galicia.
- Coñecer algunhas relacións co medio físico e social, identificando os cambios que neles se producen.

14.2.3. ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

LINGUAXE VERBAL

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos

- Utilizar o vocabulario temático.
- Comprender e reproducir narracións, poemas e contos.
- Familiarizarse coa lingua escrita.

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos

- Comprender o argumento e a estrutura de narracións e contos.
- Perfeccionarse na escritura.
- Comprender mensaxes orais en situación habituais de comunicación na aula e responder a estes.

LINGUAXE AUDIOVISUAL

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos:

- Introducirse no uso dos medios audiovisuais.
- Recoñecer as posibilidades dos medios audiovisuais como fonte de información e diversión.

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos:

- Aproximarse de forma progresiva ao computador.
- Coñecer a existencia de novos instrumentos tecnolóxicos.

LINGUAXE ARTÍSTICA

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos:

- Explorar distintas técnicas plásticas para realizar creación persoais.
- Comprender e reproducir cancións.

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos:

- Explorar distintas técnicas plásticas e materiais para realizar creacións artísticas persoais.
- Reproducir cancións tradicionais e de nova creación.

LINGUAXE CORPORAL

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos:

- Participar en actividades de dramatización.

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos:

- Participar na preparación de actividades de dramatización e actividades baseadas na linguaxe corporal.

15. PLAN DE RECUPERACIÓN.

No caso de que haxa algún alumno ou aula de Infantil que non puidese seguir a educación de modo presencial, teremos programado un Plan de Recuperación para o regreso á aula ordinaria, que no caso concreto dos máis pequenos se centrará sobre todo en:

- Humanizar o máis posible a volta seguindo en todo caso as pautas establecidas.
- Teremos en conta todo o relacionado coas emocións para garantir que o neno volva á aula con seguridade e normalidade, traballando a educación emocional dos cativos.
- Levaremos a cabo a recuperación dos contidos mínimos non adquiridos por parte dos nenos e nenas durante este período.
- Traballaremos coma sempre as rutinas da aula que proporcionan aos nenos seguridade e confianza.
- Se traballará coma sempre na Educación Infantil de forma globalizada, tendo en conta principios básicos como a motivación, a aprendizaxe significativa, o xogo como fonte de coñecemento, entre outros.